



CIRCULAR 15-2021

CAMPIONATO DE GALICIA DE INVERNO SUB 18 (400, 800 , 1500 E 3000) SUB 16 (600, 1000 E 3000) E O X CAMPIONATO DE GALICIA DE LANZAMENTOS LONGOS DE INVERNO ABSOLUTO.

- A todas as Delegacións da FGA
- A todos/as os/as asembleístas
- A todos os clubs galegos con licenza vixente
- A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente
- A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente

Art.1).- A Federación Galega de Atletismo organiza o Campionato de Galicia de Medio Fondo – Fondo Sub16 – Sub18 e o X Campionato de Galicia de Inverno Absoluto de Lanzamentos Longos na pista de atletismo do Centro Galego de Tecnificación Deportiva de Pontevedra o día 6 de marzo en Pontevedra.

Art.2).- Poderán intervir todos/as aqueles/as atletas das categorías citadas no artigo.1. que teñan ficha pola F.G.A. na tempada 2021.

Art.3.)- Participación:

No campionato de lanzamentos longos admitiranse as 10 mellores marcas feitas dende o 1 de Xaneiro de 2020 ata o domingo anterior a competición. As marcas terán que ser feitas cos artefactos absolutos. De forma excepcional pódense admitir aquelas marcas que feitas con artefactos inferiores teñan claramente un maior valor.

Campionato de 400, 800, 1500 e 3000. Admitiranse as 24 mellores marcas en cada proba, reservando 8 prazas para aqueles sub 18 de primeiro ano que non teñan acreditadas marcas nas devanditas distancias. Tales marcas deberán estar entre as 12 primeiras do ranking galego 2020. (300, 600,1000)

Campionato de 600, 1000 e 3000. Admitiranse as 24 mellores marcas en cada proba, reservando 8 prazas para aqueles sub 16 de primeiro ano que non teñan acreditadas marcas nas devanditas distancias. Tales marcas deberán estar entre as 12 primeiras do ranking galego 2020. (500, 1000 2000)

Limitacións Sub 18 e Sub 16:

Aínda que este ano os campionatos de Galicia de pista cuberta Sub 18 e Sub 16 vanse a celebrar en distintas sedes e distintos días, a nivel de limitacións de probas considéranse un só campionato.

Cada atleta so poderá participar nun máximo de 2 probas. En caso de participar en dúas carreiras só unha delas poderá ser superior a 200 metros. Os atletas de probas combinadas so poderán competir nelas.

Art.4.)- As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA <https://isis.rfea.es/sirfea2/> ata as 20:00 horas do luns 1 de marzo do 2021.

O prazo para realizar as baixas será dende a publicación dos aceptados ata ás 20:00 horas do martes 2 de marzo. Calquera baixa non comunicada en prazo a: competicion@atletismo.gal levará consigo a perda da cota de inscrición correspondente e unha multa de 3 euros.



Art.5).- Horario provisional.

HORARIO PROVISIONAL DO CAMPIONATO - XORNADA DE MAÑÁ			
HORA	CARREIRA	CATEGORÍA	LONGOS
10:00	3000	Homes	Disco Mulleres
10:14	3000	Homes	
10:28	3000	Homes	
10:42	3000	Homes	
10:56	3000	Mulleres	
11:10	3000	Mulleres	
10:00	3000	Mulleres	
11:38	3000	Mulleres	Xavelina Mulleres
11:52	1500	Homes	
11:59	1500	Homes	
12:06	1500	Homes	
12:13	1500	Mulleres	
12:20	1500	Mulleres	
12:27	1500	Mulleres	
12:34	800	Homes	
12:41	800	Homes	
12:48	800	Homes	
12:55	800	Mulleres	
13:02	800	Mulleres	Disco Homes
13:09	800	Mulleres	
13:16	400	Homes	
13:23	400	Homes	
13:30	400	Homes	
13:37	400	Mulleres	
13:44	400	Mulleres	
13:51	400	Mulleres	

HORARIO PROVISIONAL DO CAMPIONATO - XORNADA DE TARDE			
HORA	CARREIRA	CATEGORÍA	LONGOS
16:30			Martelo Homes
17:54	1000	Homes	
18:01	1000	Homes	Xavelina Homes
18:08	1000	Homes	
18:15	1000	Mulleres	
18:22	1000	Mulleres	
18:29	1000	Mulleres	
18:36	600	Homes	
18:43	600	Homes	
18:50	600	Homes	
18:57	600	Mulleres	
19:04	600	Mulleres	
19:11	600	Mulleres	
19:32			Martelo Mulleres



CIRCULAR

Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

*A entrega dos artefactos para homologar farase ata 70 minutos antes do comezo de cada proba, a excepción do Disco Mulleres que será ata as 09:10h

Art.6).- Haberá medallas para os tres primeiros clasificados de cada categoría tanto masculinos como femininos.

Art.7).- Os atletas deberán utilizar o dorsal de forma totalmente visible en toda a súa superficie no peito, agás na pértega que poderán levalo nas costas. O incumprimento desta norma será motivo de descualificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a colocación do dorsal para a colocación do dorsal.

Art.8).- Todos/as os/as atletas deberán pasar por cámara de chamadas. Os/as atletas sairán á zona de saída coa roupa de competición posta.

Art.9).- Cada atleta retirará o seu dorsal na cámara de chamadas. Co horario definitivo, publicarase o horario de cámara de chamadas, sendo imprescindible entregar na retirada a folla de Declaración Responsable.

Art.10).- . O aforo será controlado e limitado. Establecerase para elo a petición de cita previa na páxina web de atletismo.gal, pendente da limitación da redución de aforo da instalación do CGTD determinada pola actual situación derivada do COVID-19. Á espera de que sexa publicada a relación definitiva de atletas admitidos.

Art.11).- Nos Campionatos de Galicia Individuais e por clubs, existirá unha cota de inscrición de 2 euros.

Art.12).- A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:

- Nas 24 horas previas e no propio campionato calquera baixa ou a non participación final no Campionato terá unha sanción de 5 euros por proba, salvo causa xustificada e comunicada previamente por escrito á FGA direcciontecnica@atletismo.gal
- Os posibles cargos derivados do incumprimento na comunicación das posibles baixas, seguirán as consideracións establecidas la normativa técnica da FGA para a tempada 2021.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á F.G.A. (6 euros por atleta con datos falsos).
- Se non realiza a inscrición no prazo estipulado, deberá aboar 3 euros de recargo. A aceptación do participante por inscribirse fóra de prazo será competencia do director técnico, en función das características da proba onde se desexe inscribir o/a atleta, podendo ser esta denegada.



CIRCULAR

Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

Art.13).- Todos/as os/as participantes deberán cumprir o protocolo COVID-19 establecido pola FGA, así coma as indicacións do Responsable COVID-19 da FGA.

Art.14).- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e W.A.

A Coruña, 23 de febreiro de 2021

Carlos Castro Vicente
Secretario Xeral da Federación Galega de Atletismo